

PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO E A COTA CERO - 2024

Aberto do
16 de xaneiro ao
30 de setembro
de 2024

Orzamento
28.956.500 €



Liña 1

Axuda para o **inicio da actividade económica e mantemento do emprego** como persoa traballadora autónoma.

Axuda **equivalente a 12 meses da cota reducida á Seguridade Social** por contingencias comúns e profesionais.

Liña 2



Persoas beneficiarias

- Persoas inscritas como demandantes de emprego non ocupadas nos servizos públicos de emprego que, entre o 30 de setembro de 2023 e o 29 de setembro de 2024, ambos inclusive, **causen alta definitiva no RETA** ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación.
- Persoas traballadoras autónomas ou por conta propia **que formen parte de comunidades de bens, sociedades civís ou outras** sen personalidade xurídica de nova creación e constituída previamente á data de solicitude desta subvención.



Requisitos das persoas beneficiarias

- Atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas e ter iniciada a actividade con anterioridade á data de solicitude desta subvención,
- Ter o domicilio fiscal en Galicia con anterioridade á solicitude da axuda,
- Desenvolver a actividade empresarial ou profesional en Galicia e
- Segundo a liña de subvención que se solicite:

Liña 1

→ Non ter ningunha alta anterior como persoa traballadora autónoma **nos 3 anos inmediatamente anteriores** á data de publicación desta axuda.

→ Ser beneficiaria da cota reducida regulada no apartado 1º do artigo 38 ter da Lei 20/2007, de 11 de xullo, do Estatuto do Traballo Autónomo.

Liña 2

PROGRAMA PARA A PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO E A COTA CERO - 2024



Intensidade da axuda

Liñas de axuda
compatibles
entre si

Liña 1

Contía base
(non acumulables)



Incremento
(acumulables entre si)

- Persoas desempregadas en xeral
- Persoas menores de 30 anos
- Persoas maiores de 52 anos
- Persoas paradas de longa duración
- Persoas con discapacidade ou en situación de dependencia
- Persoas en situación ou risco de exclusión social
- Persoas emigrantes retornadas
- Persoas estranxeiras

2.000 €

4.000 €

- Muller
- Centro de traballo nun concello rural
- Persoas maiores de 45 anos (*)
- Persoa trans
- Profesións e oficios nos que a muller estea subrepresentada

+15%
Contía base

Contía máxima liña 1: 7.000 €

(*) Incremento non aplicable ás persoas maiores de 52 anos

Liña 2

Axuda equivalente á **contía da cota mensual reducida**
sufragada pola persoa beneficiaria **multiplicada por 12:**

960 €



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil e sectorial.
- Manter rexistros contables independentes ou códigos de contabilidade apropiados para seguir a pista de auditoría suficiente.
- Manter a alta no RETA, réxime especial ou mutualidade durante un mínimo de 24 meses.
- Manter durante un mínimo dun ano a forma xurídica elixida.
- Conservar os documentos xustificativos relacionados coa axuda do FSE+ Galicia 2021-2027.
- Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación nos espazos nos que se desenvolvan as actuacións.
- Atender aos requisitos de recollida de información a través dos indicadores de realización e de resultados.

Acceso á ficha da
sede electrónica



VR 04012024